



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 31

MARZO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

PRIMAVERA XERMÁNICA

Nicholas Altstaedt, Director e violoncello

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Nicolas Altstaedt Director e violoncello



PROGRAMA

I

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Concerto para violoncello en la menor, op.129

Nicht zu schnell

Langsam

Sehr lebhaft

Nicolas Altstaedt, violoncello

II

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Sinfonía núm. 1 en Si bemol maior, op. 38 “Primavera”

Andante un poco maestoso; Allegro molto vivace

Larghetto

Scherzo: Molto vivace

Allegro animato e grazioso

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Giulia Brinckmeier, concertino

Adriana Winkler, axuda de concertino

Anca Smeu **

Victoria Jurov

Anna Alexandrova

Claudio Guridi

Michal Ryczel

Yulia Petrushevskaya

Ildikó Oltai

Ilya Fisher

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Kiyoko Ohashi

Irina Gruia

Enrique Roca

Elina Viksne

Gyula Vadaszi

Samira Ajkic

Helena Sengelow

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Ionela Ciobotaru

Iriana Fernández

Anne Schlossmacher

Teresa Cardoso (R)

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Thomas Piel

Millán Abeledo

Carlos García

Clara Martínez ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Cristina Ortego (R)

FRAUTAS

Luís Soto *

Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *

Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

Marta Balsa ***

TROMPAS

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Jordi Ortega *

Pablo Fernández (R)

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)

David Manuel Rodríguez (R)

Marcos Dorado (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo (R)

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Nicolás Altstaedt

Director e violoncello

O violoncellista francoalemán Nicolas Altstaedt é un dos artistas máis demandados e versátiles da actualidade. Como solista, director de orquestra e director artístico, as súas fascinantes interpretacións cativan ao público cun repertorio que abarca desde a música antiga ata a contemporánea e emprega instrumentos orixinais e modernos.

A súa tempada 21/22 inclúe debuts coas orquestras filarmónicas de Londres e Múnic, Sinfónica da Radio de Baviera, RAI Torino, Royal Liverpool Philharmonic, Orquestra Nacional de España e xiras con l'Orchestre des Champs-Élysées e Philippe Herreweghe, coa Junge Deutsche Philharmonie e Dmitri Slobodeniouk e unha nova invitación coa Filarmónica de Róterdam e a Orquestra Sinfónica da NHK.

Na tempada 2019/2020 foi Artista en Residencia na SWR Symphonie Orchestra con Teodor Currentzis e Artista Destacado na Alte Oper de Frankfurt. Así mesmo destacaron a súa xira coa B'Rock e René Jacobs

e os seus debuts coa Orquestra Sinfónica Nacional de Washington e Ed Gardner e coa NHK e a Orquestra Sinfónica Yomiuri no Suntory Hall. Na tempada 17/18, Nicolas Altstaedt ofreceu a aclamada estrea en Finlandia do Concerto para violoncelo de Esa-Pekka Salonen baixo a batuta do compositor no Festival de Helsingui, e foi “Artista en primeiro plano” no Concertgebouw de Ámsterdam.

Altstaedt actúa con asiduidade coas orquestras internacionais máis renomeadas, como a Filarmónica de Viena, Tonhalle de Zúric, Filarmónica de Radio France, Nacional de Francia e todas as orquestras da BBC xunto a directores como Gustavo Dudamel, Sir Roger Norrington, Lahav Shani, François-Xavier Roth, Robin Ticciati, así como con orquestras de criterios historicamente informados como “Il Giardino Armonico” con Giovanni Antonini, Andrea Marcon e Jonathan Cohen.

Como director, traballa en estreita colaboración coa Orquestra de

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Cámara de Escocia e nas últimas tempadas dirixiu ás orquestras de cámara SWR, Radio France, Aurora e Múnic.

As súas colaboracións con compositores como Thomas Adès, Jörg Widmann, Wolfgang Rihm, Thomas Larcher, Fazil Say e Sofía Gubaidulina consolidan tamén a súa reputación como un destacado intérprete de música contemporánea. Sebastian Fagerlund, Helena Winkelman e Fazil Say escribiron recentemente concertos para Nicolas.

En 2012 Nicolas Altstaedt foi elixido por Gidon Kremer para sucedelo como novo director artístico do Festival de Cámara de Lockenhaus e en 2014 Adam Fischer pediulle que seguise os seus pasos como director artístico da Haydn Philharmonie.

Entre os seus acompañantes habituais no ámbito da música de cámara atópanse Janine Jansen, Vilde Frang, Pekka Kuusisto, Barnabás Kelemen, Lawrence Power, Antoine Tamestit, Alexander Lonquich, Jean Rondeau e o Cuarteto Ébène. É un convidado

habitual de festivais como Salzburgo, Mozart, Verbier, os Proms da BBC, Lucerna, Primavera de Praga e Musikfest Bremen.

A súa discografía inclúe a gravación dos Concertos de C.P.E. Bach con Jonathan Cohen e o ensemble Arcangelo para Hyperion, que recibiu o Premio BBC Music Magazine 2017. O seu disco a dúo con Fazil Say para Warner Classics obtivo o Edison Klassiek 2017. A súa gravación máis recente para o Festival de Lockenhaus obtivo o premio de cámara BBC Music Magazine 2020 e o premio de cámara Gramophone 2020.

Gañador do Premio Credit Suisse Young Artist en 2010, Nicolas Altstaedt foi elixido polo programa New Generation Artists da BBC de 2010 a 2012 e obtivo unha bolsa da Fundación Borletti Buitoni en 2009.

Entre outros galardóns, en 2015 recibiu o 'Anel de Beethoven' e o Premio da Música da cidade de Duisburg en 2018.

Os compositores do século XIX sabían que, ao escribir unha sinfonía, continuaban a tradición iniciada e fixada nas obras compostas por Beethoven. Mais, ao mesmo tempo, tamén eran conscientes da obriga de actualizar o xénero. A sinfonía converteuse nunha categoría musical acreditada, arredor da que xurdiron relevantes debates. Schumann, nos seus escritos da década dos trinta sobre sinfonismo, alertou contra a transformación da estrutura clásica nunha fórmula baleira e eslamiada e defendeu a necesidade de outorgar ao xénero dun compoñente serio e consistente e dun contido expresivo que permitira unificar todos os movementos baixo un único concepto. A solución para esa necesidade expresiva encontrouse na transformación metafórica da sinfonía nun xeito de narración e por iso, tivo una considerable importancia a tendencia cara a expansión das formas tradicionais, empregando a idea de continuidade entre movementos e establecendo ligazóns temáticos entre eles. Schumann tentou abordar a súa produción sinfónica cara a 1822, pero as notables deficiencias no terreo da orquestración fixéronlle desistir ata 1841 cando se dedicou, principalmente, a compor para orquestra. Daquela, escribiu dúas sinfonías, a *Primeira op 38*, coñecida como '*Primavera*' e a *Cuarta en re menor*. Confrontado coa dificultade de desenvolver material de carácter lírico na nova concepción dinámica da sinfonía posterior a Beethoven, Schumann utilizou a

Schubert como modelo, introducindo ao mesmo tempo recursos propios. A *Sinfonía núm. 1* está inspirada nos versos de Adolf Böttger que serviron de evocación á idea poética de cada un dos seus catro movementos: arranque da primavera, atardecer, felices compañeiros de xogos e primavera plena. En tal sentido, dunha maneira case literal, a fanfarra inicial está baseada no ritmo dos versos finais do devandito poema: *Im Talle der Frühling auf* (A primavera desprégase no val). Trátase dunha composición xenerosamente lírica, correspondente cos felices momentos vividos por Schumann con Clara Wiek tras o seu matrimonio, cunha escritura melódica de gran inspiración e desenvolvemento co equilibrio suficiente para non comprometer o sentido narrativo da forma e a súa unidade sinfónica. A partitura comeza cunha lenta introdución na que o metal ofrece un tema grave e solemne que se axusta claramente á frase do poema antes citado. O compositor fai xurdir deste motivo o tema principal do *allegro* que vén a continuación, en forma de sonata. A coda do mesmo mostra un novo tema 'cantabile' que actúa de introdución ao expresivo *largo*. Schumann titulou este fragmento co nome de 'Atardecer'. O seu tema principal, tras ser repetido polos violoncellos, dá paso a unha parte intermedia máis animada que leva novamente á aparición do tema principal. Do mesmo xeito que no primeiro movemento, un novo motivo nos trombóns, conduce ao *scherzo* do que xorden á súa vez dous tríos.

O *finale*, baixo forma de sonata libre está precedido por unha introdución que volve lembrar novamente o motivo principal do primeiro tempo, e sobre o que se desenvolve todo o movemento. O autor acaba esta obra, que el mesmo titulara primitivamente *Fantasia Sinfónica*, cun irresistible e brillante *Presto*. Tras numerosas correccións, o 20 de febreiro de 1841 a sinfonía estaba rematada, sendo estreada o 31 de marzo dese mesmo ano nun concerto na Gewandhaus de Leipzig, baixo a dirección de Felix Mendelssohn.

Desde pouco antes de escribir a *Primeira Sinfonía* e nos dez anos sucesivos foron tempos enormemente turbados para Schumann, unha etapa na que era evidente o deterioro mental que o levaría ás súas frecuentes crise de loucura e que, finalmente, desencadearían a súa morte. Sen embargo, en 1850, xa en plena madurez e nun dos poucos intervalos felices que tivo en Düsseldorf onde era director musical, Schumann compuxo o *Concerto para violoncello e orquestra*. O compositor ansiaba asumir as súas funcións na cidade renana que ían desde a realización de concertos de abono e clases privadas ata compoñer. Schumann mergullouse nesta nova situación laboral que tivo un efecto saudable sobre o seu labor compositivo e en poucos meses xurdiran *Escenas de Fausto de Goethe*, unha abertura sobre *A noiva de Messina* de Schiller, numerosas cancións, a *Sinfonía Renana* e o *Concerto para violoncello*, este, froito de dúas intensas semanas

de arrebatos de inspiración e febril traballo -algo frecuente nos períodos de calma-. O propio autor referíase a esta obra como “peza de concerto” quizais pola liberdade de forma ou polo seu aire de fantasía. A liberdade de forma ven dada polos seus tres movementos ben diferenciados e ricos en ideas melódicas que se interpretan sen pausa e poñen de manifesto, de xeito inconfundible, o selo xenial do autor. Schumann, preocupado de que a orquestra non afogara ao instrumento solista, escribiu unha parte en solitario que rara vez se afasta do rexistro medio e superior do violoncello que resalta esencialmente sobre la tenue estrutura orquestral. No primeiro movemento, tras os acordes iniciais, aparece profuso o tema do violonchelo solista para entrar toda a orquestra e volver ao solista introducindo un segundo tema que, desenvolvido pola orquestra, crea un clima de inqedanza romántica. Neste punto, Schumann prescinde da cadencia e da coda e remata cunha pasaxe íntima e serena, para esvaecerse no *Adagio* caracterizado por unha cálida liña melódica. Neste movemento, cuxa forma pode recordar á dun *lied*, os acordes de vento madeira fanse eco do tema principal do primeiro movemento que volve para desprenderse da tritura que o embarga e incitando á orquestra cara ao enérxico final no impetuoso primeiro tema do *Molto vivace*, no que como no primeiro movemento, o solista dialoga coa orquestra sen oposición e con acento case camerístico.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 7 abril, 20:30 h

PARÍS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Corinna Niemeyer, directora

Xabier Casal, saxo

W. A. Mozart: Sinfonía núm. 31 en Re maior,

KV. 297 (300a) "París"

P. Maurice: Tableaux de Provence para saxo alto e orquestra

J. Ibert: Suite Sinfónica: Restaurant au Bois de Boulogne

F. J. Haydn: Sinfonía núm. 86 en Re maior "París"

Xoves 21 abril, 20:30 h

UN MUNDO EN MOVIMIENTO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Martin Grubinger, percusión

A. Dorman: Frozen in time

C. Nielsen: Sinfonía núm. 4 "O inextinguible", op. 29, FS 76



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

